

Actividades das Asociacións. A AELG

Candás, 1 de xuño de 2024

Intervención de Marta Dacosta (AELG)

A AELG naceu en 1980. Desde aquela data o número de escritoraes asociadaos non para de medrar, estando neste momento por riba dos **533** (376 de Cedro).

Como se pode ler na nosa **web**, xustamente unha das ferramenta que recibe un tratamento prioritario nas nosas actividades, sabedores de que é a nosa tarxeta de presentación e a nosa presenza na nosa sociedade (consideremos que acumulamos 6 millóns e medio de visitas, desde todas as partes do mundo), a AELG “traballa a prol da **dignificación do oficio** de escritor/a, así como da **promoción** dos/as autores/as e das súas obras, do fomento da **interconexión** e intercambio entre eles/as, con outros profesionais, etc. Ademais, tentamos velar polas inquedanzas e intereses dos/as autores e autoras en lingua galega, poñéndoos/as en conexión coa sociedade e reclamando a atención das institucións e medios de comunicación sobre eles/as e as súas necesidades.”

Estes principios marcan a nosa actividade. Xa dixen que a nosa web é obxecto de atención prioritaria, mediante unha actualización permanente que fai que o noso **Centro de Documentación** sexa referencial para quen quixer coñecer a literatura galega. Ademais realizamos nela actividades destinadas a divulgar autoras e autores: autoras do mes, territorio da/o escritor/a... Tamén mantemos presenza nas diferentes **redes sociais** e levamos unha **Axenda Cultural** que acolle todos os actos literarios que se realizan en Galiza, sexan organizados ou apoiados pola AELG ou non.

Por outro lado mantemos unha asesoría xurídica que atende as consultas individuais e elabora informes que se suman ao Libro Branco, unha peza esencial para coñecer a situación actual da literatura en galego (realizado exclusivamente pola AELG).

O labor de divulgación e recoñecemento das escritoras e escritores ocupa a maior parte da nosa actividade, desde a periódica á eventual, máis de medio cento de actividades literarias, maioritariamente organizadas pola AELG, dan lugar á visibilización doutros tantos autores e autoras (sen contarmos cos máis de 60 que son divulgados a través das actividades do Escritor do mes -na web-, e da semana -nas redes sociais-; ou a participación en medios de comunicación tamén directamente xestionada pola AELG). Falamos de obradoiros, paseos literarios, relatorios, intervención en medios, etc.

O labor de interconexión está presente tamén nestas actividades e agrándase coa nosa participación noutras que nos superan en ámbito, falo, naturalmente, de Galeusca, encontros

periódicos que as nosas entidades veñen realizando historicamente, ou deste encontro de hoxe, actividades todas que nos permiten non só compartir o coñecemento, senón unírmonos nas necesarias reivindicacións que nos atinxen. E estou pensando no Estatuto do Artista ou na demanda de compatibilización dos dereitos de autoría.

E a isto aínda hai que sumar a presenza da AELG na sociedade a través de **posicionamentos públicos**, poñamos como exemplo a recente publicación dun artigo de Luísa Villalta, autora homenaxeada coas Letras Galegas en 2024, para reclamar respecto pola memoria persoal e literaria da autora homenaxeada. Algo que, en Galiza, hoxe, aínda cómpre facer.

Posicionamentos públicos e reivindicativos en prol da nosa materia prima, a lingua, unha lingua que segue sufrindo procesos de minorización. Na AELG témolo moi presente, o noso labor vai máis alá da pura divulgación literaria ou defensa dos dereitos da persoa escritora. A nós tamén nos corresponde a **protección do material co que traballamos e que nos fai ser o que somos: a lingua**.

A AELG participa activamente coas entidades da defensa da lingua tanto en actividades puntuais coma en plataformas, por iso, un día como o **17 de maio**, que é a data grande da Literatura galega, o presidente da AELG, o poeta Cesáreo Sánchez Iglesias a quen hoxe substitúo, declina o convite da RAG para acudir ao plenario de celebración da autora homenaxeada (sendo debidamente substituído pola nosa vicepresidenta) e colócase coas demais entidades na cabeceira da manifestación que nos leva a cruzar Santiago de Compostela reivindicando unha lingua viva fronte a un goberno que, desde 2009, reduciu o ámbito de uso do galego e a necesidade do seu coñecemento nos servizos públicos. Un goberno que mantén conxelada a súa colaboración económica coa AELG desde hai décadas, obrigando a esta entidade a un esforzo institucional (numerosas reunións) para desenvolver unha actividade digna dunha asociación que representa unha grande literatura.

A AELG ten que ter tamén un **papel reivindicativo** e a defensa da lingua galega é sempre o núcleo de canto facemos. Porque, como dixo Castelao, se aínda somos galegos, escritoras e escritores galegos, é por obra e graza do idioma.

Isto é a AELG e estas as actividades que facemos.

Moitas grazas pola súa atención.